

Revista escolar "Val de Barcala"

Maio 2005

Curso 2004 - 2005

I.E.S. XULIÁN MAGARIÑOS



Equipo de Redacción:

*Ledicia Ruso Gómez
Patricia Forján González
Cristina Negreira Barcia*

*Vanesa Riveiro Godón
Pablo Alvite Almozara
Rubén Sánchez Ponte*

NEGREIRA

ÍNDICE

TEMA	PÁXINA
<u>EDITORIAL</u>	<u>3</u>
<u>XULIÁN MAGARIÑOS</u>	<u>4</u>
<u>ACTA DO CONCURSO</u>	<u>6</u>
<u>ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO</u>	<u>7</u>
<u>RELATO GAÑADOR DO CONCURSO</u>	<u>9</u>
<u>TRABALLO GAÑADOR NO APARTADO DE DEBUXO</u> ...	<u>12</u>
<u>ENTREVISTA CON ADELINO POSE REINO</u>	<u>13</u>
<u>A PRIMEIRA VEZ NO “INSTI”</u>	<u>14</u>
<u>CAMPIONATOS ESCOLARES</u>	<u>15</u>
<u>ENTREVISTA HORACIO MEDIN</u>	<u>15</u>
<u>CAMPIONATO DE FÚTBOL</u>	<u>15</u>
<u>ENTREVISTA ALBERTO SUÁREZ CASAIS</u>	<u>16</u>
<u>CANGURO MATEMÁTICO</u>	<u>17</u>
<u>A CAIXA DO CORREO DOS NAMORADOS</u>	<u>18</u>
<u>O MAGOSTO</u>	<u>18</u>
<u>CARNAVAIS CARNAVAIS</u>	<u>19</u>
<u>AS NOSAS ALDEAS</u>	<u>21</u>
<u>TRABALLOS DOS ALUMNOS DE APOIO</u>	<u>22</u>
<u>ENTRE NOS EN GALEGO</u>	<u>23</u>
<u>SELECCIONS DO CONCURSO</u>	<u>23</u>
<u>COLABORACIÓNS DE COMPAÑEIROS</u>	<u>25</u>
<u>OS NOSOS DEBUXANTES</u>	<u>26</u>
<u>FALAR COA LÚA</u>	<u>30</u>
<u>O MES DAS LETRAS GALEGAS</u>	<u>31</u>
<u>PASATEMPOS</u>	<u>34</u>
<u>BANDA DE MÚSICA ATENEO DE NEGREIRA</u>	<u>36</u>

EDITORIAL

O comezo dunha revista é sempre un traballo que non se sabe como vai rematar, o mesmo te ves desbordado de traballo porque ten moi boa acollida entre os rapaces e rapazas do instituto e todo o mundo quere que o seu traballo apareza recollido, ou polo contrario ninguén amosa interese polo que se poida facer e os que tentan levala a cabo vense na obriga de inventar os artigos ou de pedirles persoalmente ós seus compañeiros que os fagan e aínda así se negan aducindo mil pretextos.

En calquera dos dous casos o levar adiante a revista é un traballo que pode xerar descontento en moita xente que se sinta nuns casos marxinaada porque non ve os seus traballos publicados ou porque, no caso contrario, se senten presionados pola amizade dos seus compañeiros ou a esixencia dun profesor.

Cando nun centro escolar se promove unha actividade de calquera tipo entendemos que é preciso informarse ben de en que consiste e cales van ser as actividades que se nos poden pedir ou as que estamos dispostos a comprometer nos a facer. Se non calibramos ben esta parte podemos vernos agobiados de traballos que non damos feito, ou encontrarnos que apenas hai participación e os poucos que se animaron non son quen de chegar a todo.

Queremos facer da revista escolar un xeito de darlle saída a todas aquelas cousas que poden interesar a un fato de mozos e mozas que ao longo de varios anos vense mergullados neste remuíño de clases, recreos, compañeiros, festivais, profesores, amores, desamores, risos e choros. Sacarlle partido a todas estas experiencias é a mellor maneira de aproveitar o tempo, como din os vosos pais, e á vez, deixar que os demais coñezan o voso pensamento ou inquedanzas, pois somentes así encontraremos outros e outras que compartan as mesmas cousas que nos unen. As actividades que fagamos sempre serven para darlle lustre á vosa intelixencia, ao centro e crear un contorno agradable que permita que a vosa estadía no IES XULIÁN MAGARIÑOS sexa algo que poidades lembrar sempre de xeito favorable por algún dos proxectos que levastes a cabo.

Non rematamos esta primeira folia da revista sen facer un eloxio dos primeiros colaboradores que estiveron dispostos a sacrificar algo do seu tempo para adicallo ás reunións, a escribir algo ou mesmo a pensar en que poderían facer para colaborar. A todos e a cada un débeselles este primeiro número que sae hoxe pero xa estamos pensando en aumentar as publicacións facéndoa semestral, unha no Nadal e outra no terceiro trimestre. ¿Podemos contar con todos vós para colaborar? Se é así podemos ata matinar en cousas máis ambiciosas pero se non vos animades pouco futuro lle vexo ao asunto. Somentes se vos pide ilusión no proxecto e que fagades o que poidades sen menoscabo do motivo central da vosa presenza aquí: *aprender*.

O EQUIPO DE REDACCIÓN

XULIAN MAGARIÑOS

Cando me incorporei ao IES "Xulián Magariños" de Negreira sentínome interesado pola vida e obra deste persoeiro nicrariense que lle dá nome ao noso instituto. Unha vez tiven na miña man o libro **Xulián M Magariños Negreira : un home da "Época nós" (1904-1934)** de X. Amancio Liñares Giraut, Blanca-Ana Roig Rechou Ediciós do Castro, 1988 - Sada, A Coruña (Documentos para a historia contemporánea de Galicia ; 51), entereime da súa curta e interesante vida polo que paso a resumir este interesante texto para que todos os sectores da comunidade educativa teñan información sobre dito escritor **UN HOME DA "ÉPOCA NÓS" (1904-1934)**

JULIAN MANUEL CIPRIANO MAGARIÑOS NEGREIRA naceu ás 9 da noite do día 16 de setembro do ano 1904 na casa número 1 da nicrariense Praza de Ferreiro. Eran seus pais Manuel Magariños Pastoriza e M^{ra}. de las Mercedes Negreira Trillo. Na práctica, criouse como fillo único do matrimonio, xa que unha irmá máis pequena morrería con curta idade. Segundo Carmen Negreira, a súa primeira escola rexentábaa unha parella de mestres, e Magariños recibiría as leccións iniciais do chamado D. Xoán -home ao parecer con moito xenio-, e prepararía o ingreso no bacharelato cun parente directo, Xesús Magariños Pastoriza.

Entre 1923 e 1928 viviu Magariños Negreira á xeira de universitario. Sabemos que durante ese lustro domiciliábase na rúa do Franco, 46-1º, compartindo pensión cos irmáns Gumersindo e Xosé Fontán Maquieira, aos que dende aquela se sentiu vencellado cunha fonda amizade, como pon de manifesto a correspondencia que manexamos e da que dámos conta na escolma.

Unido sentimentalmente á moza e a un nutrido grupo de amigos, viviría este estudante avantaxado, que mesmo se integraría na Tuna Universitaria onde tocaba a mandolina. Amais pasaba horas practicando co violiño, ao que era moi afeccionado. A música en xeral leváballe moita idea.

"Todo o que se diga do amigo Magariños é

pouco", subliña o historiador e lingüista Martínez López. " Na Universidade compostelá estudabamos Dereito e Filosofía e Letras entre os anos 23 e 28 un grupo de grandes amigos con inquecandanzas fondamente galeguistas: Tobío Fernández, Filgueira Valverde, Magariños, Antonio Fraguas, Bouza Brey, Xaquín Lorenzo Fernández, Xesús Bale Gay... Penso que Magariños viña caracterizado de xeito especial por dúas notas: o seu humor e maila súa aguda intelixencia. Era un compañeiro moi estimado na Facultade, con preocupacións literarias. Lémbrome de que coñecía moito a Rafael Dieste, Manuel Antonio e a Maside; tamén de que asistía ás tertulias do entrañable "Café Español" da Rúa do Vilar. En fin, de que colaboraba en tódalas actividades culturais e nacionalistas".

Hai un dato que se revela sobresaínte á hora de narrar a súa estada en Compostela: a participación de Magariños na fundación do histórico e maxistral Seminario de Estudos Galegos. Sen a existencia desta institución, o tempo que vai do 1923 a 1936, sería sen dúbida máis estéril para toda unha xeración de homes comprometidos con Galicia, no seu pasado, presente e porvir.

"O 12 de outubro de 1923 uns cantos rapaces saen de Compostela co abrente cara ás terras de Amahía. Baixan a pé por Vidán, Roxos, a Ermida da Mercé e Lapido, deica Ortoño. Xulián M. Magariños Negreira

Son nove universitarios que se dirixen á Casa do Castro de Ortoño, onde se propoñen asinar a acta fundacional dun centro de estudos galegos. Son Fermín Bouza Brey, Xosé Filgueira Valverde, Lois Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Manoel Magariños Negreira, Xosé Pena e Pena, Wenceslao Requejo Bouet, Francisco Romero de Lema e Alberte Vidán Freiría.

Na casa do Castro de Ortoño tiña pasado os primeiros anos da súa vida Rosalía de Castro. Escoller tal lugar para a fundación dese centro de estudos significaba de seu a vontade total de entrega a Galicia no labor de creación e de investigación que se propuñan iniciar os nove universitarios".

As inquecandanzas literarias de Magariños levá-

rono a integrarse na sección de Filloxía deste organismo científico, que estaría dirixido por Cotarelo Valledor (1923-28), Moralejo Laso (1928-30) e Pedret Casado (1930-36). Nesta área atoparíase acompañado de Cordal Carús, Filgueira Valverde, González García Paz, Lourenzo Fernández, Martínez López, Vicente Risco, Luís Tobío, etc.

Este grupo de estudosos centraríase en investigacións lexicolóxicas, fonéticas, ortográficas, etc. Precisamente como froito deste traballo conxunto saíría o Vocabulario Popular Galego-Castelán publicado no ano 1928 por Cordal, Filgueira, Tobío e o propio Magariños, e que primeiramente comezará a ver a luz no xornal de Vigo El Pueblo Gallego, diario no que a sinatura do escritor nicrariense aparecía con asiduidade. O seu ingreso oficial no S.E.G. data do 16 de Novembro do 1923, cun traballo titulado "A Regueifa".

Co remate da carreira de Dereito, Xulián M. Magariños volve á vila natal. Negreira e Santiago sempre próximas mestúranse na vida do recién licenciado.

Pero no setembro de 1928 principia unha nova experiencia coa marcha a Madrid, cun motivo claro: preparar as oposicións a rexistrador da propiedade, asegurar un xeitoso futuro profesional. "Sempre quixo facer Rexistros", recoñece a súa dona viúva.

Na capital do Estado residiría ata 1930. Dous anos. E cóstanos o paso alomenos por dous enderezos: Peligros, 24 e Cañizares, 2-2.º. Outra vez na vida de pensión e estudo. De novo tamén nas tertulias, escoitando a Victoria Kent, Clara Campoamor ou, a Valle-Inclán nas tardes-noites madrileñas. Xa logo abrollan como procesos paralelos as primeiras doenzas físicas e a falta de éxito na realización das primeiras oposicións. Corre o ano 1930 e Magariños Negreira toma a decisión de voltar á terra natal, nun aceño de firmeza.

Establécese na capital barcalesa cun bufete de avogado, autoprometéndose definitivamente non recuncar na preparación de tan difíciles probas. En realidade obrígabao o padecer xa a febleza da súa saúde. Así llelo ma-

nifes taba aos amigos en varias cartas .

Para un republicano convencido coma el, ti-vo que resultar xornada con especial significado a do 14 de abril do 1931: a pedida oficial da súa noiva e maila proclamación da II República Española cadraaban nunha mesma data

O casamento tería lugar na mesma primavera, o 22 de maio. Durante dous meses a parella de mozos gozou dunha prolongada lúa de mel que os levaría por España adiante, a Francia, Bélxica, Italia, Illas Baleares ... A voda e maila viaxe, a vulgar polos escritos conservados, imprimiría no escritor un estado de ánimo máis optimista. E dende agosto dese ano 31 xa fica instalado no despacho de xurista, cun novo estilo de vida máis asentado, máis sedentario.

Dende a chegada e o asentamento en Negreira, Magariños participou na vida social. Seguía con interese (e tamén ás veces "asqueado", confesa nalgunha carta) a política local. Preocupáballe a vida do concello e as xestións para a volta do Xulgado de 1ª Instancia, suprimido no 1926 e repostado no 1931.

Participaba nas actividades do Casino recentemente inaugurado e sobre todo lía, estudaba e escribía con constancia. E chegan os derradeiros meses da súa vida. Ficou encamado cun corazón enfermo dende febreiro ata o día do seu pasamento, o 9 de xullo, luns, do 1934. Na acta oficial de defunción dise que a causa da morte foi unha caquexia. Aquel réxime democrático republicano que el tanto arelaba coñecía tamén naquel tempo un "bienio negro" .

ALGUNHAS DAS SÚAS PUBLICACIÓNS

A) NOVELA CURTA.

- O Kalivera 30 H. P., LAR, Santiago, 1926.
- O Filósofo de Tamarica, LAR, Santiago, 1926.

B) COLABORACIÓNS EN XORNAIS E REVISTAS .

A Nosa Terra (A Coruña).

- "Un casamento na aldea" (Núm. 224. 1/5/1926).
- "O negocio literario" (Núm. 227. 25/7/1926).
- "Estancamento Pevolución" (Núm. 229. 1/10/1926).
- "Bohemia galega" (Núm. 230. 1/11/1926).

- "Os defuntos teñen medo" (Núm. 231. 1/12/1926).
- "Cousas de artistas" (Núm. 239. 25/7/1927).
- "Meditación no cruce de dous vieiros" (Núm. 288. 1/10/ 1931).
- "Os complexos raciales en crisis" (Núm. 289. 1/11/1931).
- "A paradóxica felicidade dos pobos" (Núm. 300. 9/7/ 1933).
- Céltiga (Buenos Aires).
- "O caso de Xaime Lombau" (Núm. 51 10/2/1927).
- "O mitin das ideas" (Núm. 62. 25/7/1927).
- "Murmuracións da crítica" (Núm. 88. 25/8/1927).
- El Compostelano (S antiago).
- "Opacidad" (30/1/1926).
- "Dolora" (4/2/1926).
- "Reivindicación" (9/2/1926).
- "Ingratitud" (13/2/1926).
- "La decadencia troyana" (18/2/1926).
- " Noite de luar" (20/3/1926).
- "Una curiosidad literaria" (7/4/1926).
- " Realidades" (15/4/1926).
- "Cuadros compostelanos" (23/4/1926).
- "La armonía del Jaz-Band" (6/10/1926).
- " Dolce farniente" (8/10/1926).
- "En pro del " The West"" (11/10/1926).
- "Historia de un viaje en ferrocarril o la velocidad del "The west" (14/10/1926).
- "Un sainete taurino" (19/10/1926).
- "El derecho al vapuleo" (22/10/1926)
- " El caso de D. Feliciano" (26/10/1926).
- "Una entrevista con D. Juan Tenorio" (30/10/1926).
- " El bigote y la mosca" (18/11/1926).
- "Eloxio do minué" (4/12/1926).
- El Despertar Gallego (Buenos Aires).
- "Patriotismo" (Núm. 85. 3/10/1926).
- El Diario Español(Montevideo).
- "Galicia y el arte de vanguardia" (16/3/1927).
- El País Gallego(Santiago).
- " El arte de hacer fortuna" (3/1/1927).
- " La calvicie como problema social" (10/1/1927).
- " ¡Piedad para el pollo pera!" (15/8/1927).
- El Pueblo Gallego (Vigo).
- "Mayo triste" (6/5/1925).
- " Estalos no ar" (9/8/1925).

- "A festa do traballo labrego" (14/8/1925).
- " Un espírito galego" (6/9/1925).
- "A nosa novela" (20/12/1925).
- " As gafas" (15/4/1926).
- "O noso día" 0/10/1926).
- " Notas inéditas" (17/5/1927).
- Galicia (Buenos Aires).
- " Un manifesto agrario e un Político novo" (Núm. 225. ,20/9/1931).
- La Voz de Barcala (Negreira).
- " Las familias más pudientes del siglo pasado (I)" (Núm.2. 1/9/1933).
- " Las familias más pudientes del siglo pasado (II)" " N.O 3 1/10/1933).
- " Corzán, tierra de lobos" (Núm. 3 bis. 1/11/1933).
- " La Junta Revolucionaria de 1868" (Núm. 4. 1/12/1933).
- " El primitivo Ayuntamiento de Aro" (Núm. S . 1/1/1934).
- " El Ayuntamiento de Aro y la Revolución de 1846" (N.7. 1/3/1934).
- Nós (A Coruña).
- " Alfonso do Cotón, humoris ta" (Núm. 33. 15/9/1926).
- "O nazionalismo de Federico Chopín" (Núm. 35. 15/10/1926).
- " As arelas da mosca semiDanteís ta" (Núm. 43. 25/7/1927).
- "A meu tío quixéronmo roubar" (Núm. 47. 15/11/1927).
- " Jorge Borrow no val da Mahía" (Núm. 89. 15/5/1931).
- "O monte sagrado dos celtas" (Núm. 107. 15/11/1932).
- Renovación (S antiago).
- " El alma de Compostela" (15/3/1923).
- Colaboraría tamén o escritor nicrariense no Vocabulario Popular Galego- Castelán (Seminario de Estudos Galegos, Santiago, 1928), xunto a Cordal Carús, Filgueira Valverde e Toblo Fernández.
- Á parte destas achegas e das dúas novelas citadas, contabilízanse así cincuenta e cinco artigos da súa autoría que viron a luz na prensa local, galega e da emigración americana.
- Sirva esta pequena biografía para o recoñecemento da memoria do ilustre persoeiro que dá nome ao noso centro por parte de toda a comunidade educativa deste instituto.

ACTA DO XURADO DO CONCURSO

Reunido o xurado do concurso "XULIÁN MAGARIÑOS" do Instituto do mesmo nome e integrado polos seguintes membros:

ADELINO POSE REINO
ANA MARÍA ÁLVAREZ CHAMOSA
VANESSA RIVEIRO GODÓN
RUBÉN SÁNCHEZ PONTE
EMILIO MATO MÉNDEZ,

Sendo as 18 horas do 14 de decembro do 2004 e en sesión única, acordan establecer os seguintes premios:

A) APARTADO DE NARRACCIÓN:

1º PREMIO: "Volve Xulián Magariños"	Lema: ARALE	
AUTORA: LARA REY RIAL		4º ESO B
2º PREMIO: "Asasinatos Lingüísticos"	Lema: N. NOGAN	
AUTOR: JOSÉ MANUEL MÍGUEZ FORJÁN 2º BACH A		
3º PREMIO: "A derradeira esperanza"	Lema: SORELA	
AUTORA: VERÓNICA ARAGUNDI RODRÍGUEZ		4º ESO B

ACCÉSITS:

1º PREMIO: "O soño de Miguel"	Lema: Delia Lueiro Queirós	
AUTORA: PATRICIA FERREIRO RAMAS		4º ESOC
2º PREMIO: "Xulián Magariños: O recoñecido Lema: Estorniño"		
AUTOR: DIEGO RAMA CORDEIRO		4º ESO C
3º PREMIO: "Pegada dun nicrariense na lingua e cultura galega"		
Lema: As supermenas. Este accésit dáse pola segunda parte do traballo.		
AUTORAS:	PAULA ANTELO PAIS, SILVIA FAJÍN PÉREZ , SILVIA VIAÑO FRAGA	4º ESO A

B) APARTADO DE PLÁSTICA:

1º PREMIO: AUTOR: PABLO RIVEIRO FORJÁN 2º ESO A	
2º PREMIO: AUTOR: YOLANDA NÚÑEZ MAYO 2º BACH A	
3º PREMIO: AUTOR: RUBÉN OTERO IGNACIO	1º ESO B

Os gañadores dos premios e accésits que aquí se sinalan terán que recoller o seu premio o día 22 do presente mes nun acto que se celebrará no Salón de Actos do Instituto con asistencia de público e autoridades.

Negreira, a 14 de decembro do 2004

ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO

ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO XULIÁN MAGARIÑOS

Día 22 de decembro

Hora 11:30

- 1.- Saúdo de benvinda a todos do director do instituto
- 2.- Lectura da acta do xurado
- 3.- Lectura do primeiro premio de narración
- 4.- Entrega de premios:

NARRACIÓN

1º Premio de narración:

*Lara Rey Rial.*Traballo titulado: **"Volve Xulián Magariños"**

Recibe unha cadea musical e diploma

Entrega o premio a Exma Directora Xeral de Cultura

2º Premio de narración:

*José Manuel Míguez Forján.*Traballo titulado: **"Asasinatos lingüísticos"**

Recibe 60 euros en libros e diploma

Entrega o premio un representante da APA

3º Premio de narración:

*Verónica Aragundi Rodríguez.*Traballo titulado: **"A derradeira esperanza"**

Recibe 50 euros en libros e diploma

Entrega o premio o Sr. Alcalde de Negreira

ACCÉSITS:

1º.- *Patricia Ferreiro Ramas.*

Traballo titulado: **"O soño de Miguel"**

Recibe diploma e un CD de música galega

Entrega o premio: O director do instituto

2º.- *Diego Rama Cordeiro.*

Traballo titulado: **"Xulián Magariños: O recoñecido"**

Recibe diploma e un CD de música galega

Entrega o premio o Xefe do Departamento de galego

3º.- *Paula Antelo Pais, Silvia Fajín Pérez e Silvia Viaño Fraga.*

Traballo titulado: **"Pegada dun nicrariense na lingua e cultura galegas"**

Reciben diplomas e un CD de música galega

Entrega o premio o Coordinador de Normalización

PLÁSTICA:

1º Premio: *Pablo Riveiro Forján*

por unha efixie de Xulián Magariños feita en pedra.

Recibe diploma e cadea musical

Entrega o premio a directora xeral de cultura

2º Premio: *Yolanda Núñez Mayo*

por un debuxo a lápiz de Xulián Magariños e a súa dona na súa ancianidade.

Recibe diploma e 60 euros en libros

Entrega: Representante da APA

3º Premio: *Rubén Otero Ignacio*

por unha efixie en madeira de Xulián Magariños.

Recibe diploma e 50 euros en libros

Entrega o Sr Alcalde de Negreira

Como peche deste acto pregámoslle ao sr Alcalde en primeiro lugar que nos dirixa unhas verbas no nome do Concello que se fixo valedor da dedicatoria deste ano 2004 a Xulián Magariños.

Quixeramos tamén pedirlle á Sra Directora Xeral de Cultura que pechase este acto de entrega de premios non sen que nós lle agradezamos a ela e por extensión á Consellería de Cultura que nos acompañara neste evento e os obsequios que recibiron os primeiros premiados.

RELATO GAÑADOR DO CONCURSO

“Volve Xulián Magariños”

Por Lara Rey Rial

Chámome Lara, teño quince anos e vivo en Negreira. Non me describo fisicamente porque isto é un conto, e polo tanto tedes que usa-la imaxinación. Estamos en xullo, e as clases xa remataron. Agora mesmo atópome estomballada na herba do parque, mirando o ceo, falando cos demais e pasando calor. Neste intre estamos: Xosé L., Rubén C., Anxo, Rubén F., Alberto, Carlos, Miguel, Xaime, Xabier, Susana (aínda que lle chamamos Sue), Adrián, Loli, Roberto, María, Pablo e mais eu, evidentemente.

Pois ben, mentres estamos a falar, óese dicir a Loli:

-Boh, ¡que calor vai! ¿Que podemos facer hoxe pola noite?

-Poderíamos ir á discoteca

-Non é mala idea, pero se vai calor fóra imaxínate dentro e bailando.

-¿E se facemos un botellón no parque?

-Si, pero se nos ve o sarxento novo xa sabedes o que pasa

-¡Merda! Logo, ¿que podemos facer?

Durante uns intres estivemos a cavi- lar, entón di Alberto:

-Non sei se vos vai gustar a miña idea

-Ti dínola e dicímosche se nos gusta ou non,-dixo Xaime

-Vale, vale. Tranquilízate home que xa cho digo agora. Ben, pois o que estiven pensando foi que poderíamos ir dur- mir ao monte que hai en fronte do insti- tuto. Xa sei que ides dicir que é unha parvada e...

-¡Que va!-exclamou Xosé L. -Foder, pois si que é boa idea si. Pero dun día para o outro non creo que me deixen ir meus pais, e aínda menos se é ao monte.

-Boh, pero poderíamos quedar para a semana que vén -dixo Pablo - pero de todos os xeitos ídelles preguntando aos vosos pais se podedes ir durmir "á casa dun amigo".

-Pero, ¿que día imos?

-Hoxe é martes, ¿non? Ben, o venres saímos aquí, o sábado en Santa Com- ba...Mmmm ¿Que vos parece o próximo mércores? Está no medio da semana e non nos poden berrar dicindo que son moitos días seguidos -suxeriu Adrián.

Como ninguén se opuxo, decidimos que o mércores sería o día.

Ás oito ou así marchamos para un bar que está cerca (non fomos a outro porque non nos apetecía camiñar)

Cando deron as dez, pedimos uns bocatas e xa ceamos alí. Xa co bandullo cheo marchamos e fomos a outro bar, logo a outro, e outro...

Deron as dúas e media da madruga- da e marchamos para a casa. Cheguei e, como era de esperar non había nin- guén, xa que meus pais foran de viaxe. Estaba soa na casa. Podía facer o que quixera... e o que fixen foi ir durmir por- que esta moi cansa.

O resto da semana pasou moi rápido. O domingo vimos a Adrián C., a David, a Diego e a Luís e dixémoslles o noso plan para o mércores xa que o día que o falamos eles non estaban porque foran ao cine.

Hoxe é martes e estamos arredor dunha mesa de pedra que hai na pisci- na. Entón preguntanos Luís:

-Ben, ¿que imos levar mañá á noite?

-Un saco de durmir polo menos

-E unha lanterna

-¿Para que, se imos facer unha fo- gueira?

-Pero que non a prenda Lara porque

a ella gústalle moito queimar cousas e aínda imos quedar sen monte.

Ese comentario sobraba, contesteille a Miguel:

-¡A modo, ho! Iso que dixeches sobra- ba.

-Perdoa muller. Veña que che dou un biquiño e esquecémolo todo.

-Boh, ¡vajte á merda!

Entón eu escapei a correr e el veu detrás miña. Todos se botaron a ir.

De alí a pouco cansamos e paramos de correr.

-Ben, logo mañá levamos un saco, unha lanterna, un chisqueiro ou dous pa- ra prender o lume e auga para apagalo- di Diego.

-Dádeme un euro cada un-dixo Anxo

-¿E para que o queres?

-Vós dádemlo e pola noite xa o sabe- redes.

Cada un deulle o euro e ninguén sa- bía para que eran os cartos.

A noite do martes non puiden pegar ollo por culpa dos nervios.

Por fin é mércores. Ás cinco vímonos todos no parque e estivemos alí facendo o de sempre. Sen embargo hoxe mar- chamos antes para a casa porque tiña- mos que preparar a mochila. Quedamos de vernos ás dez e media.

Cheguei á casa, preparei a mochila pero antes fun ao supermercado com- prar algo de comer para a noite (unhas bolsas de patacas)

Ducheime, vestinme e ceei. Xa eran as dez e cuarto cando saín da casa a buscar ás outras que xa me estaban agardando no portal da casa de Sue. Xa todas xuntas fomos ao encontro dos de- mais para irnos ao monte.

Percorremos un camiño estreito no cal, miraras onde miraras só vías árbo-

res. Estivemos a andar máis ou menos dez minutos ata que chegamos a unha leira . Alí era onde íamos durmir.

Puxemos as mochilas no chan e estimos os sacos de durmir. Entón dixo Anxo:

-Aquí tedes o que merquei cos vosos cartos.

E comezou a sacar cartóns de viño e botellas de Cocacola.

Estivemos a beber ata que se nos acabou todo, máis ou menos ás catro e media da mañá. Cando xa nos dispoñiamos a durmir decateime dunha cousa: Adrián e Sue tiñan os seus sacos xuntos e separados do resto, Loli e Roberto tamén e o mesmo facían María e Pablo. A verdade é que non me estrañou posto que andan xuntos e parécese normal que se xunten para darse bicos. Eu, como non teño mozo, pois durmín co resto da tropa escoltada por Adrián C. á miña dereita e pola esquerda Xabier.

Cando abrín os ollos vin que o meu brazo rodeaba a Xabier: Suñoño que o puxen mentres durmía. El xa estaba esperto, entón díxenlle:

-Perdón por poñerche o brazo, non me dei conta.

-Non pasa nada

-¿Hai moito que estás esperto?

-Uns dez minutos, máis ou menos

-E se te querías erguer, ¿por que non me levantaches o brazo?

-Bo, e que non che quería espertar.

-Oh, moitas grazas, pero a próxima vez, se queres, quítaa

-Logo, ¿vai haber unha próxima vez?

-Por mín si. Pero se volvemos, non podemos traer tanta bebida, porque agora dóeme a cabeza.

-A mín tamén me doe

Algúns xa estaban espertos, aínda que co sono, non se tiñan ben de pé

Ás doce e media estabamos todos en pé. Recollemos nun intre as cousas e marchamos. Cando estabamos chegando á estrada dixo David:

-Eu pola tarde non saio, que vou botar unha sesta

-Eu tamén vou durmir toda a tarde.

-¿Ninguén vai saír hoxe?

-Non

-Logo, ¿quedamos para mañá?

-Vale, ás catro e media

Os días pasaron e chegamos a agosto: Estabamos a falar no parque, cando Rubén C. di:

-Onte contáronme unha historia -comezou a dicir- que fala do instituto e de Xulián Magariños.

-¿Quen é Xulián Magariños?

-Xulián Magariños naceu no 1904 en Negreira. foi un avogado e escritor. escribiu "O filósofo de Tamarica" e "O Kalivera 30 H.P." que son dúas novelas curtas. Ademais destes escribiu outros. Morreu no ano 1934, aos trinta anos de idade.

-Ah, vale.

-Dixéronme- continuou Rubén C. - que cada 10 anos, no mes de agosto, o día catorce, a pantasma de Xulián Magariños vaga polo instituto durante a noite.

-Pero, iso é o próximo mércores- dixo Rubén F.

-Pois podíamos ir durmir ao monte -dixo Anxo- e entrar no instituto a ver se anda por aí o Xulián ese.

-¿O vindeiro mércores- di David- Ese día varios de nós non podemos ir posto que temos aquí cea do equipo. E aínda por riba non é aquí que é en Santa Comba. Pero o resto vai igual e xa nos conta-redes.

Estaba decidido. O vindeiro mércores imos ao instituto. Esa semana pasou moi rápido. Cando me dei conta xa era mércores.

Ese día pola tarde fomos ver unha película á casa de Roberto e ás oito e media ou así fomos cada un á súa casa a buscar as cousas.

Nun principio quedamos en reunirmos todos ás dez e media, nembargantes ata as once non fomos para o monte porque tivemos que esperar a Miguel.

Estivemos ata as doce no monte e a esa hora decidimos ir para o instituto. Fomos entrando pouco a pouco mentras que Anxo vixiaba por se viña a policía

por alí. Pero non veu.

Xa con todos dentro decidimos separarnos para buscar a Magariños. O primeiro grupo estaba composto por Ruben C., Xosé L., Anxo, Rubén F. e Miguel. No segundo grupo estabamos, as tres parellas Xabier e mais eu.

O primeiro grupo foi cara á zona nova do instituto e nós quedamos na vella. Estivemos os seis alí parados durante uns dez minutos ata que decidimos ir ao ximnasio. Alí non había ninguén: Logo miramos no salón de actos pero nada.

-É mellor que nos separemos- di Adrián- Eu vou con Sue, Roberto pode ir con Loli, Pablo con María e Xabier con Lara.

-Vale, Loli e máis eu imos polo corredor dos seminarios, Lara e Xabier polo corredor de 3º da ESO, María e Pablo polo de Bacharelato e Sue mais Adrián polo de 4º da ESO.

-¿A que hora e onde quedamos cos outros?

-Quedamos aquí ás tres e media.

-Ben, pois nós verémonos a esa hora aquí

Todos fomos para onde tiñamos que ir , aínda que eu sabía que os demais non ían buscar a pantasma. Íanse bicar.

Como estaba dicindo, estabamos eu e Xabier no corredor de 3º. Fomos á secretaría, pero alí non atopamos a ninguén. Tampouco había ninguén na Conserxería. Fomos de aula en aula buscando pero en ningunha atopamos nada. Só nos faltaba ir á Biblioteca pero encontrámola pechada. Entón dime Xabier:

-Creo que hai unha xanela que non pecha. Podíamos ir por alí.

-Vale, pero para iso temos que saír fóra e entrar pola fiestra.

E así o fixemos. Non nos atopamos con ninguén polos corredores. Cando chegamos á xanela, que por suposto estaba aberta, pareceume ver na Biblioteca un home, pero despois mirei ben e non había ninguén.

Atopámonos nunha Biblioteca grande, con moitos estantes cheos de libros; libros grandes, pequenos, anchos, es-

treitos...Tamén hai varias mesas longas con cadeiras vellas. Buscamos e buscamos, demos varias voltas por alí, pero nada, alí non había ningunha pantasma. Entón veu Xabier xunto de min e dime:

-Aquí non hai ningunha pantasma.

-Xa. ¿Que facemos agora?

-Podíamos quedar aquí un pouquiño, falando

-Vale. Cántame algo da túa vida, ¿que tal che vai?

-Pois non teño nada que contar, que mañá quero ir a Santiago ver unha película pero aínda non sei cal.

-¿E con quen vas se non é moito preguntar?

-Por agora vou eu só; se queres vir...

-Non sei: Ter teño ganas.

-Pois ti pénsao e dismo mañá e xa quedamos

Estiveron un pouco calados. Xa era a unha. Entón Xabier pregúntame:

-Por certo, ¿que tal de mozos?

-Mal, moi mal. Non ligo nada e non me estraña. Só hai que verme.

-Pois é raro que ti non ligués, es moi riquiña.

-¡Vaia! Pois moitas grazas.-Sorrinlle e dinlle un bico na meixela. Entón el sorríume. -¿E ti que tal de mozas?

-Estou igua ca ti; solteiro e sen compromiso.

Estivemos a falar ata as dúas máis ou menos. Falamos de todo pero sobre todo do que fixeramos cando eramos pequenos.

Volvemos a entrar para ao instituto e alí atopámonos acon Anxo. Estaba a chorar e tiña a cara moi pálida. Entón veunos e di:

-Miguel... está... está morto!

-¿O que? ¿Estarás de broma, non?

-Non é ningunha broma. Estabamos el e máis eu no ximnasio... e, eu fun aos baños a ver se estaba alí a pantasma e... e... cando volví vin unha cousa grande e branca. ¡Era un home! Levaba unha boina, un pantalón remendado e unha chaqueta vella. Entón o home víume e díxome: "Ti vas ser o seguinte", ao principio non sabía o que quería dicir,

pero cando mirei para o chan descubriño. Alé estaba o corpo de Miguel, cos ollos moi abertos e non se movía. Sentín algo nos meus pés. Era... era o seu sangue. Estaba moi asustado e escapei de alí e foi cando vos atopei a vós...

-Temos que saír de aquí- dixo Xabier

-Pero antes hai que atopar ao demais-díxenlle

-Ben pois imos. Anxo, ¿vés con nós?

-Eu non vou, marcho de aquí

E marchou.

Non o podía crer. Miguel morto. Morto. Non fun capaz de chorar. Non soltei nin unha bágoa.

Ben, pois iamos camiñando polo corredor do novo instituto para buscar os demais. Fomos aos lavabos do piso superior. Eu tiña medo e collínlle a man a Xabier. Alí non había ninguén. Entón díme Xabier:

-¿Tes aí o móbil?

-Teño

-¿E ten cartos?

-Por suposto

-Pois podes chamar a Rubén F. e preguntarlle onde están.

E así o fixen. Chameino e escoitamos esa música tan pegañenta que ten el no móbil. Proviña da clase de Plástica que está alí ao lado. O teléfono seguía a soar pero non o collía ninguén. Entón collíei. Estabamos na porta e cando Xabier ía abríla vimos que xa estaba aberta. Empurrou e acabamos de abríla. Entramos na aula e fomos ata diante. Xabier, que ía diante miña, parou en seco. Eu non sabía por que parara. Albisquei por riba do seu ombreiro e vino. Era Rubén F. Alí estaba tirado no chan e cos ollos pechados. Arredor hai moito sangue. Fíxenlle unha pregunta a Xabier, aínda que estaba segura de saber a resposta.

-Está... está morto?

-Creo que si. Ímonos de aquí. Temos que ir buscar ós demais.

En canto saímos de alí vimos a Roberto e a Loli.

-Vimos a Anxo e díxonos que Miguel está, está...-comezou a dicir tateando

Loli. Víanselle os ollos cheos de bágoas.

-Xa o sabemos- díxenlle eu- e Rubén F. tamén. Está aí

-¿Por que non marchamos de aquí?, di Roberto

Non debemos, temos que atopar os demais

Fomos os catro para o piso de abaixo. Entramos na aula de Tecnoloxía. Alí non había ninguén. Entón escoitamos un berro. Viña da aula de 1ºB. Fomos correndo ata alí e vin a Alberto e a Rubén C. Non podía ser. Algo moi grave estaba a pasar aquí e ninguén sabía o que era, aínda que todos estabamos pensando o mesmo: "Isto é obra de Xulián Magariños"

Saímos de alí e fomos á aula de música. Alí vímolo. Era Magariños. Estaba sentado na mesa do profesor, mirando para nós.

-¿Que é o que queres?- preguntoulle Sue.

-Quérovos ver mortos

-Pero, ¿por que? ¿Nós, que che fixemos?

-Molestarme. ¿Non me queriades atopar? Aquí me tedes. ¿Que me queredes?

-...Nada

-¿Por que te apareces neste instituto?-atrevínme a preguntar

-Non sei... veño dar unha volta pola miña vila. E tamén quería ver a homenaxe que me fixeron por ser o meu centenario.

-Pois xa o viches. Xa podes marchar.

-¿Non te lembrás do que dixen antes? ¡Quérovos ver mortos!

Entón apareceron Pablo e María na porta. Ella berrou. Magariños comezou a camiñar lentamente cara a nós. Escapamos todos a correr.

Fomos ata o ximnasio, subimos polas escaleiras. Alí estaba, tirado nelas, Xosé L. Tamén estaba morto. Non nos paramos moito alí por medo a que Xulián nos collera. Cando chegamos á cafetería vimos a Anxo enriba da barra. Non se movía. Entón nós fomos correr ata a fiestra pola que entramos. Pero estaba pe-

chada. De repente escoitamos unha risotadas. Parecíanse moito ás de Miguel. Viñan do outro lado da barra. Fomos camiñando a modiño ata alí. E en efecto, alí estaba Miguel rindo. Non el só. Tamén estaban os outros todos que dixeran que tiñan cea do fútbol en Santa Comba. Nestas miro para atrás e alí ven Xosé L. que viña andando cara á cafetería.

-¿Pero, vós non estabades nunha cea en Santa Comba? ¿E vós non estabades mortos? -preguntou Pablo

-Sí pero resucitamos - dixo Alberto rindo.

-Non había ningunha cea-comezou a

adidir Adrián C. -o que pasa e que vos queríamos gastar unha broma. E vexo que foi boa.

-Pois non tivo graza.

-Para ti non pero para nós si.

-¿E como conseguistes facer que parecera Magariños?

-Era un holograma, nada máis

-¿E a súa voz?

-Era eu. Facía co micrófono que hai na aula de música- dixo David

-¿Logo a lenda tampouco existe?

-Non

-¡Que cabróns sodes!

Estivemos falando así un bo anaco ata que Loli dixo:

-¿Podes facer que apareza outra vez Xulián Magariños?

-¡Por suposto que podo! -di Diego

Entón, como por arte de maxia apareceu ese home que viramos antes na aula de música. Despois diso marchamos para o monte. Isto non se me ía esquecer na vida pero por se acaso apunteino todo nun caderno. Cando era de noite e todos durmían, quedei pensando nunha cousa: O Xulián que fixeron eles tiña unha boina na cabeza pero o que vira eu na Biblioteca estaba segura de que non a tiña. Entón fíxenme esta pregunta

¿Existe de verdade a pantasma de Xulián Magariños? ¿A lenda é certa?

TRABALLO GAÑADOR NO APARTADO DE DEBUXO



TRABALLO FEITO POR: *Pablo Riveiro Forján* de 2º ESO A

ENTREVISTA

O noso director

Adelino Pose Reino

1.- É a primeira vez que está ao cargo da dirección dun centro educativo?.

Non, estiven oito anos dirixindo o IES "Félix Muriel" de Rianxo.

2.- Por que decidiu asumir a dirección deste instituto?.

Fun observando que o instituto necesitaba, desde o meu punto de vista, unha modernización, non só dos medios informáticos senón de todo o contorno xeral, tamén decidín falar coa maioría do profesorado o que lle parecía se eu presentase un proxecto de dirección, pareceume que a acollida era boa; tamén falei co equipo directivo saínte, as ideas que tiñan cara ao próximo curso, expuxen as miñas e parecerónlle ben. Á vista de todo isto e buscando xente que quixera formar parte do equipo directivo presentei a miña candidatura a Dirección.

3.- Que tiña o Centro no que estivo que non teña este?.

O centro de Rianxo ten case 900 alumnos/as polo tanto e máis grande ca este, tamén ten dous edificios pero son dos institutos pois teñen os dous case as mesmas instalacións co que duplica todo tipo de aulas (dúas salas de profesores, dúas aulas de música, un laboratorio de idiomas,...etc), polo que respecta ao profesorado na actualidade son 80 profesores/as.

4.-Que actividades están en marcha neste momento?.

Imos diferenzar varios tipos de actividades pois dada a gran cantidade de actividades, só citarei algunhas pois no taboleiro están expostas todas, que se veñen desenvolvendo desde principios de curso (desde a miña opinión teremos que ir racionalizando algunhas sen menoscabo de desmotivar o persoal), a Vicedirección está a organizar a excursión de 4º ESO, o Departamento de Orientación o programa de intercambios culturais con outra autonomía, o Departamento de música viaxe a Madrid, a

Xefatura de estudos está a solicitar un proxecto de formación no propio centro para o profesorado relacionado ca informática, Normalización esta preparando a revista, o concurso ENTRE NÓS, tamén esta funcionando un grupo de teatro, desde a AMPA cursoño de natación, informática...etc.

5.- Que proxectos ten en mente para levar a cabo nun futuro?.

Imos falar só de algunhas a curto e a medio prazo: respecto a obras a curto prazo a ampliación da conxerxería, o arranxo da aula de informática do 2º Ciclo ASI e unión a través dunha galería co Centro. o arranxo da calefacción, sobre todo no edificio novo, o cableado do centro para levar internet e a rede do centro a todas as aulas, a renovación dos equipos informático das aulas de Comercio, ASI e ESO e tamén das porterías e canastas do patio exterior, división de aulas grandes en pequenas dada a necesidade de espazos pequenos para departamentos e impartición de clases, o adecentamento exterior do Centro (xardinería)...etc. A longo prazo cambio do arameado exterior do patio, ampliación do Centro con outro aparcadoiro no terreo cedido polo concello, o plan de autoprotección do centro, etc.

6.- Despois do ocorrido, vaise suspender a liga de fútbol?.

En principio e debido ao pouco tempo que queda só vai haber a primeira volta, o que ocorreu pasa todas as semanas nos campos de fútbol; é un problema de educación e nós tratamos de resolvelo no Centro intentando que o alumnado que interveu no incidente saiba através da sanción de arbitrar partidos o difícil que é nestes momentos a realización desa tarefa. Para o ano esperamos organizala doutra forma moito máis seria.

7.- Polo momento, está satisfeito coa resposta que recibe por parte do alumnado, profesorado, pais e nais, etc.?.

En primeiro lugar quero expresar o meu maior agradecemento a todos os sectores da comunidade educativa polo trato que me deron desde o primeiro momento, a forma de recibirme e a forma de entender o que eu quería por parte de todos e especialmente do anterior equipo directivo que dirixía Dn. Jaime López Otero; creo que calquera que chega a un lugar desexaría que o tratarán tan ben como a mín me trataron. Espero non defraudalos e aportar co meu traballo e do meu equipo directivo a boa marcha deste centro.

8.- Respecto ás pintadas que hai na parede exterior do Centro, que pensa facer con elas?. Cabe a posibilidade de que haxa un espazo destinado a grafitis?.

En primeiro lugar queería dicir que non me parecen estes os lugares máis axeitados para a expresión artística, polo que tratarei de acordo co Concello a posibilidade de que lle dediquen unhas lugares para estas expresións artísticas. Polo que respecta á do Centro envíe a Patrimonio os papeis para que fagan dacordo co seguro o adecentamento desa parede exterior.

9.- Que obxectivos desexa acadar durante o período de tempo que estea ao mando deste instituto?.

Hai un que e moi difícil e que seguramente sobrepasanos, pero tratarei de implicar a maior parte da comunidade educativa para intentar poñer todas as pezas na súa resolución, que é o fracaso escolar. Tema común a todas as organizacións e sindicatos educativos, inflúen moitísimas variables e veremos se podemos facer un proxecto de control de calidade.

Esta entrevista

foi realizada polas alumnas:

Patricia Tuñas Gesto de 1º ESO C
Cristina Negreira Barcia de 3º ESO A

A PRIMEIRA "INSTI" VEZ NO

Como alumnas de 1º da ESO, ímosvos relatar como foi a nosa experiencia ao virmos por primeira vez ao I.E.S. Xulián Magariños.

Era o día da presentación. Cada unha de nós viñemos por separado. Estabamos moi nerviosas, pois amais de ser o primeiro día, non sabiamos en que clase nos ía tocar a cada unha, pero deu a casualidade que nos tocou ás tres xuntas.

No día seguinte de clase xa comezamos a falar unhas coas outras e co resto dos compañeiros. Ese mesmo días tamén demos unhas cantas voltas polo "insti" para coñecelo mellor.

O terceiro día de clase xa coñeciamos todos os profesores que, por suposto, foron moi bos connosco. No tocante aos rapaces e ás rapazas de todo o instituto parecerónnos educados, fóra de uns cantos.

Mais relatemos os acontecementos máis destacados para nós: -Máis ou menos un mes despois de que comezara o "insti" houbo unha inundación nas aulas nosas, que están na parte máis fonda do centro. Enchéronse de auga as de 1º A e B, o taller de Tecnoloxía, o almacén, a aula de Música, o ximnasio e resto das dependencias. Isto fixo que se interromperan as clases ou que se deran en moi malas condicións.

En novembro houbo un campionato de brilé no que competiron os de Primeiro Curso entre sí e os de Segundo igual. O grupo gañador de Primeiro foi 1º A.

No mes de decembro todos os alumnos da ESO e da ESPO participaron nun concurso sobre a figura de Xulián Magariños, pois coincidía co centenario do seu nacemento. Participaron moitos alumnos e moitas alumnas tratando de recrear unha historia sobre as cousas que viviu o personaxe.

Agora xa nos adaptamos e xa coñecemos a caso todos os rapaces e rapazas, de vista cando menos.

*Yomara Carril Pais
Estefanía Jiménez Parra
Verónica Suárez Baña*

Campionatos *Escolares*



a vén sendo habitual no IES XULIAN MAGARIÑOS que nos recreos se fagan campionatos onde participan os alumnos de 1º ata 4º da Eso.

Nestes campionatos organizados polo departamento de Educación Física, os profesores desta materia Juan José Pazos e Horacio Medina intentan saber como lles serviron aos alumnos as súas clases ensinándolles a practicar distintos deportes como brilé, Voleibol, Baloncesto ou un balonmán algo peculiar para os alumnos de 1º da Eso. Estes campionatos son vistos por moitos alumnos do centro e serven para animar os seus compañeiros de clases, amigos, familiares etc.

O pasado ano só xogaron 1º e 2º e os resultados foron:

Deporte	Brilé	Volei/ Balonman	Baloncesto/ Volei
Gañador 1º	Empate a 3	1º A	Empate a 3
Gañador 2º	2º C	2º C	2º D

Este ano vai estar de novo igualado, vexamos quen gaña!!!

ENTREVISTA

Horacio Medin

(profesor de E.F de 1º e 2º)

- Cantos anos hai que se crearon estes campionatos?

Oito anos máis ou menos

- Quen foron os que os crearon?

O departamento de E. Física

- Con que finalidade se fan estes campionatos?

Darlle os alumnos e alumnas a oportunidade de practicar máis horas un deporte.

- Está contento cos resultados que obteñen con eles?

Sí, porque os rapaces xogan no recreo ós distintos deportes que se practican nos campionatos.

- Cre que os alumnos se entregan a fondo para gañar?

A participación é masiva e tódolos participantes queren gañar.

Moitas grazas pola atención prestada

Campionato De FÚTBOL

Se vén sendo habitual en todos os cursos no IES XULIAN MAGARIÑOS que un grupo dos alumnos do centro organicen este campionato. Nel participan moitos dos alumnos do centro que se divirten e intentan gañar un dos catro trofeos e algúns dos cartos que a veces se lles conceden aos catro primeiros clasificados deste campionato.

O campionato pode estar constituído polos equipos que desexen apuntarse; primeiro farase unha liga (a dobre partido) e despois os oito primeiros clasificaranse para as eliminatorias (tamén a dobre partido) e despois destas os dous "mellores" clasificaranse para a gran final do campionato (que será a partido único) e o que gañe será o mellor equipo de alumnos do ano.

O ano pasado os campións foron os compoñentes do equipo "Baña Team" que se impuxeron ao equipo "Porno Stars" nunha disputada final.

Un dos equipos revelación foron os "Destripadores" equipo de alumnos de tan só de 1º da ESO que partido tras partido foron gañandolle a equipos e pasando eliminatorias asta chegar ás semifinais onde foron derrotados (4-3) por un dos equipos favoritos.

Desde aquí eu animovos a que

PARTICIPADES

ENTREVISTA

Alberto Suárez Casais

- ¿Que foi o que animou ao teu equipo a participar neste campionato?

Gañar

- ¿É esta a túa primeira participación neste campionato ou xa participastes máis veces?

Particpei máis veces d

- ¿Se participaches no campionato da temporada pasada en que posición quedou situado o teu equipo?

Cuarto

- ¿Por que te apuntaches ao campionato, para divertirte ou para gañar?

Para gañar.

- ¿Animarías aos rapaces e ás rapazas do instituto a participar na edición do ano que ven?

Si, porque é divertido

Moitas Grazas

CANGURO Matemático

Este é un concurso de Matemáticas que patrocina "Canguro Matemático" de Valladolid, no que participan milleiros de rapaces e rapazas de toda España que compiten por ser uns grandes especialistas na resolución de problemas Matemáticos.

Todos os que participan levarán un pequeno agasallo, pero se ademais un centro compite con máis de quince alumnos/as

Terán un premio seguro.

Este concurso consiste en responder trinta problemas de matemáticas tipo test; As preguntas da 1 a 10 contarán 3 puntos, da 11a 20 contarán 4 puntos e de 20 a 30, 5 puntos; pero non todo é puntuar, cada pregunta que falles contará a cuarta parte da pregunta. Esta variaría segundo a pregunta que contestaras.

Hai varios niveis segundo o curso no que estea o rapaz ou rapaza participante.

Eu vai ser a segunda vez que participe, pois xa o fixen o ano pasado, creo que o meu traballo foi bastante bo, pero intentarei facelo mellor aínda esta vez.

Este concurso é moi bó para practicar matemáticas e despois ter un moi bo nivel no colexio ou no instituto.

ANIMÁDEVOS E PARTICIPE

Numeración	1	2	3	5	10	20	21	50	100	500	1.000	10.000
Babilónica	∟	∟∟	∟∟∟	∟∟∟ ∟∟	<	<<	<<∟	<<<	∟∟	∟∟∟	∟∟∟∟	∟∟∟∟∟
Egípcia jeroglífica	I	II	III	III II	∧	∧∧	∧∧∧	∧∧∧∧	∩	∩∩∩	∩∩∩∩	∩∩∩∩∩
Egípcia hierática	I	II	III	∟	∟	∟	∟	∟	∟	∟	∟	∟
Griega ática	I	II	III	Γ	Δ	ΔΔ	ΔΔI	∟	∟	∟	∟	∟
Romana	I	II	III	V or Λ	X	XX	XXI	L or ∟	C, C, or ∟	D, C D, C	∟∟∟ M	∟∟
	1	2	3	5	10	20	21	50	100	500	1.000	10.000

Valor numérico

Enciclopedia Encarta, © Microsoft Corporation. Reservados todos los derechos.

A Caixa do correo dos **NAMORADOS**

O día 14 de Febreiro, foi un día internacional e moi popular, e moito máis no I.E.S. Xulián Magariños de Negreira, pois realizouse unha actividade para que os namorados deste centro, ou os que querían declarar o seu amor, o fixesen.

O equipo de Normalización Lingüística puxo unha CAIXA DO CORREO fronte á conserxería, a chamada "CAIXA DO CORREO do Amor", onde todos os alumnos e alumnas pousaron unha parte dos seus sentimentos.

Alguns aproveitaron para burlarse doutros, aínda que, unha grande maioría foi para expresar os seus sentimentos. Á parte, hai que destacar que non só os

alumnos e alumnas recibiron cartas, porque tamén houbo profesores que ían recibilas, aínda que, a maioría destas foron confiscadas, e só unha foi enviada. Dita carta, ía dirixida ao profesor Juan Casado, de latín, e foi enviada polos seus alumnos para expresarlle o seu agradecemento por ser como é, tanto como profesor como por amigo.

Ben, esperemos que o vindeiro ano se volva realizar esta actividade.

Redactores: Sheila Suárez e Rubén Sánchez.

Colaboradores: Vanessa Antelo e Verónica Rial.

CAIXA DO CORREO DOS NAMORADOS

O MAGOSTO

O día 26 de Novembro o señor vicedirector propuxo facer unha actividade na que participaran todos.

Os alumnos de 4ª E.S.O., axudaron a poñer as grellas, para asar as castañas, e puxeron a música; algúns profesores como Juan José Pazos organizaron xogos para participar todos, mentres que os demais axudaron activamente na organización das ditas actividades.

A metade das castañas apareceron ciscadas polo chan, e non foi porque estiveran malas, senón porque os alumnos divertíronse xogando á "guerra de castañas".

Pero todo acabou ben e foi moi divertido, e con moito gusto esperamos que sexa realizada no vindeiro curso.

Redactado por: Rubén Sánchez.



Venres, 4 de Febreiro 10: 25 a.m.

Estamos no primeiro recreo e por todo o instituto Xulián Magariños esténdese un incesante e contagioso rebumbio. Os alumnos non queren, ou tal vez non poden, esperar ata a cuarta clase, hora oficial do comezo dos carnavais, para luciren os seus orixinais, ou nalgúns casos, estrambóticos disfraces. O bo rolo respírase no ambiente e contaxia a todos os que nos atopamos neste momento polos corredores.

O concurso gastronómico xa empezou, polo que moitos dos alumnos se atopan concentrados diante do salón de actos, lugar no que se está a levar a cabo o dito concurso, á espera de que os xuíces proben os succulentos manxares, típicos dos carnavais, que os alumnos con máis maña para a cociña trouxeron para probar sorte.

**Venres 4 de Febreiro 11: 35 a.m.
A FESTA ESTÁ A COMEZAR!**

Xa chegou a cuarta hora e todos os alumnos se concentran no recibidor do instituto á espera de que por fin comece o desfile. E, entre risos, chanzas e diversión, parte do profesorado e do alumnado ensinan con orgullo os seus disfraces, que van dende os máis sinxelos ata algúns moi elaborados.

**Venres 4 de Febreiro
12: 25 a.m.**

Comeza o desfile no Salón de actos. Non pasan nin quince minutos dende que se abren as portas, e o lugar xa está a máis non poder.

A expectación aumenta a cada segundo e con ela os berros dos demais alumnos, que se atopan á espera de ver desfilar os seus compañeiros. Despois dun tempo de comprobacións e últimos retoques, aparecen



pola porta os primeiros participantes do concurso de comparsas: 1º ESO A, disfrazados de pierrots, seguidos dos alumnos de 1º ESO B, cuns disfraces de temerarios dragóns, e pechando o grupo dos cursos de 1º, os alumnado de 1º ESO C, disfrazados de brasileiras. Tamén participan algúns alumnos de 2º ESO A, os cales, xunto con Anxos (profesora de inglés) visten uns disfraces con fondo negro e adornados unicamente coas bandeiras dos países da Unión Europea.

Minutos despois comeza a segunda parte do desfile: o concurso de disfraces individual. Del hai que destacar que se presentan moitas persoas, como: parte dos membros do goberno que acuden acompañados dunhas coquetas mulleronas, unha bela princesa e o seu príncipe, e unhas vellas un tanto tolas pero moi ben conservadas, que son capaces de facer bailar ata os

membros do xurado, formado por: Chus Martelo (profesora de francés), Begoña (orientadora), Sofia (profesora de tecnoloxía) e por Kety (profesora de Música). A este mesmo concurso tamén se presentan algúns dos profesores disfrazados, que realizan un divertido espectáculo con baile incluído, unha superestrela, moi estrelada, e os seus gardacostas, tamén con canción e baile, un iogur... E para amenizar aínda máis a festa, tamén contamos coa actuación de sete alumnas de 2º ESO, que realizan un marchoso baile cun dos últimos éxitos da cantante Natalia, e cunha actuación musical en directo de gaita, acompañada por un bombo e unha pandeireta, tocada por unha pandeireiteira moi peculiar, nada máis e nada menos que, a profesora de francés: Chus Martelo. Con esta actuación remata o festival, pero de seguro que a moitos lles gustaría que o instituto fose así de divertido todos os días.



PREMIOS	COMPARSAS:	DISFRACES INDIVIDUAIS:	GASTRONOMÍA:
	1º ESO C- Brasileiras - Viaxe	1º premio: María Isabel e os seus gardacostas 2º premio: Membros do goberno 3º premio: Vellas 4º premio: O Iogur	1º premio: José Luís 2º premio: Jessica Campo 3º premio: Marta País, Noelia Cancela e Laura Dopazo.


As nosas aldeas

Unha das zonas máis destacadas do noso contorno é sen lugar a dúbidas a de Pontemaceira lugar no que, río por medio, conflúen arredor dunha ponte románica e unha presa dúas aldeas pertencentes aos Concellos de Ames e de Negreira. A cada beira hai moi fermosos edificios, casas de labregos, un muíño dos de maquia e dous na outra beira dos chamados comunais. Un pazo singular na súa estrutura que ocupa ó longo do río Tambre unha franxa moi destacada.

Unha capela adicada a S. Blas remata o conxunto arredor da ponte. Pero non soamente son destacables estas grandes grandes construcións senón os detalles que fan pararse ao visitante na fermosura dos escudos, no detalle das entradas para as abellas, nas paredes das casas, un cruceiro feito por mans dun canteiro a quen recordan con cariño os seus parentes que aínda viven alí. A fermosura da pedra, traballada co maior dos mimos, para dar a idea dun conxunto cheo de fermosura e romanticismo. Pero non somentes o contorno da ponte é destacable, senón que a parroquia na que está inmersa atesoura pombais, lavadoiros, casas e unha moi fermosa igrexa parroquial chea de restos dunha arquitectura e beleza a quen as reformas e arranxos lle roubaron boa parte da súa beleza; porén, aínda se ergue maxestuosa e acollidora para todos os veciños. O seu contorno, léase reitoral, está abandoado polo desinterese que veñen sufrindo case todas estas casas- vivenda dos párrocos pero que conserva as árbores froiteiras, flores e adornos que algún día foron admiración dos parroquianos.

Portor, que así se chama a parroquia da que falamos recóllese nun núcleo principal sito arredor da igrexa, pero que se completa coas zonas de Piñeiro, Saleiróns, Rebordáns ou Fontemirón.

Paga a pena dar unha voltíña polo extremo do leste de Negreira e un pouquiño de Ames.



Estes debuxos foron realizados polos alumnos que asisten ás clases de Apoio como parte do seu labor escolar. Os que decidiron participar foron son alumnos de 2º e 1º da ESO.

!!! FELICITACIÓNS !!!



ENTRE NÓS EN GALEGO

Pouco a pouco todo se vai marchando,
 paseniñamente todo se vai acabando,
 quedando tan só o recordo
 dalgún tempo pasado.

Pero, co tempo,
 tamén o recordo desaparece,
 porque este aparece con cada morte
 e desaparece con cada morto.

E ano a ano irante abandonando
 e día a día estarás recotrdando,
 mentres vai chegando o teu momento,
 o momento dee desaparecer co teu recordo.

Pero ata entón, seguirás chorando,
 chorarás por cada desaparecido,
 chorarás con cada recordo,
 chorarás por cada morto.

É así que seguirás crendo
 que inda que chamen vida a todo isto,
 para ti é tan só un longo camiño
 ata a morte do corpo e do recordo.

Todos chorarán
 o meu esvaecer,
 todos me esquecerán
 ao eu esvaecer

AUTOR: Christian Santos Souto

SEGUNDO PREMIO DE POEMAS

ENTRE NÓS EN GALEGO

A miúdo cuestiónome
o verdadeiro significado do amor,
sen encontrar resposta.
Día tras día penso niso

Quizais estea perdendo o tempo
pero seguirei loitando
porque a pantasma do amor
non me abandonou hoxe e presinto
que non o fará mañá.

Sempre te esperarei, teno presente,
nunca te olvidarei.
Esperarei por ti
para darche o que mereces
para poder sentir os teus beizos
e fundirme nos teus brazos.

Ser túa e despertar ao mencer ao teu carón,
sentir o teu alento e
saber que por fin
estou contigo e que es meu.

Estarei contigo
ata que un día a morte
nos separe para sempre,
e será entón
cando os nosos dous torrentes
se unan e formen xuntos un gran río
de amor e paixón sen límites.

AUTOR: Ana Illodo Quintáns

RELATO SELECCIONADO PARA O CONCURSO

¿Onde choverás agora?

Por Alejandro Antelo Pérez

Ás veces como esta tarde, os cigarros consomen os segundos e o fume é como o tempo, que se esfuma envolto nas cabriolas das labras do tabaco. Entón a noite vaise achegando ao ritmo en que se enche o cinzeiro de colillas e o cuarto de escuridade e silencio. Un silencio que se presta a deixar escoitar os pensamentos, e o cerebro con pasmosa facilidade comeza a enxendrar visións coas que sentirse máis feliz. A felicidade, según o dicionario, ben a ser "estado de ánimo de quen está plenamente satisfeito. Dita, ledicia". Definición coa que non estou de acordo xa que eu estou "plenamente satisfeito" e non son feliz. Deberíase definir como ilusión provocada polo encéfalo en mentes susceptibles; de xeito que para algunhas persoas, ser feliz consiste nunha obsesión. Este non é o meu caso xa que eu non creo nin en fadas, nin en meigas nin no destino nin en ningunha desas parvadas. Destas parvadas que fan reaccionar a xente de forma estúpida, e ata me atrevería a dicir de forma cómica sen ter graza e sen perder a seriedade.

Tamén ás veces nesta tarde, o ceo gris non quere alegrarse e a choiva ameaza sinuosa con encher de bágoas os cristais facéndoos cada vez máis trnslúcidos. Penso e río, río por non chorar, porque me parece paradóxico que alguén estea tan só na cidade como me sinto eu, estando rodeado de milleiros de persoas; soidade que me fai chorar e sentir mal. Sentir como se o corazón me apretase no peito, e dóeme.

Unha dor que non se pode curar con medicamentos nen cartos. Non sei, eu son así.

A tarde deu paso á noite e con ela á

escuridade e á luz artificial. Unha luz que daba lugar a sinuosas e entretidas sombras que se reflicten nunha parede de cor descoñecida.

Vou baixar ao bar que esta noite hai fútbol. Se vos hei de ser sincero detesto o fútbol porque me parece un deporte absurdo ata certo punto, xa que ningún deporte, polo feito de ser chamado deporte, é desprezable. Pero calquera cousa con tal de non estar só; aínda que sexa en corpo que xa é algo. Apaguei as luces, pechei a porta e saín ás escaleiras e á rúa. Ía frío e apenas había xente, namais que uns adolescentes pululando coma lucernas polas beirarrúas.



*Por un momento en
moito tempo, anos diría
eu, sentíame ben, a
gusto, como se me
sacaran un gran
peso de enriba*

O bar quedaba nunha antiga casa, que constituía o centro da cidade. Era un bar lúgubre pero tranquilo. De todas as veces que fora alí nunca houbera unha liorta. Entrei e unha afable e reconfortable calor fíxome sacar o abrigo e tomar asento.

Pedín unha cervexa e sentei nunha mesa sita no curruncho que só contaba con dúas cadeiras: unha para mín e outra para a soidade: fiel compañeira.

Só un dos tubiños fluorescentes funcionaba. Pestenexaba de forma intermitente: agora sí, agora non, agora sí, agora non,...E así pasei un bo anaco ata que o camareiro me interrompeu anunciándome a chegada da cervexa. Xa faltaba algo menos de cinco minutos para que comenzara o partido e iso notábase porque de súpeto o bar encheuse de energúmenos con todo tipo de abalorios futbolísticos e incluso algún racista. Polas cores das camisetas que levaban, uns laranxa e outros con raias azuis, violetas e brancas debía de ser o Valladolid - Valencia. O partido deu comenzo e con el os insultos e xestos dirixidos ao enorme monitor de televisión que alí se atopaba. Eu, dende o meu curruncho pasaba desapercibido e contemplaba o absurdo televisor. Non sei se foi a atmosfera que alí se respiraba ou o que foi, pero quedei embobado sen pensar, sen sentir. Só miraba algo que non producía ningún efecto sobre min.

Por un momento en moito tempo, anos diría eu, sentíame ben, a gusto, como se me sacaran un gran peso de enriba. A miña paz e harmonía interior que desa forma tan inesperada fora obtida arrebatóuma un ensordecedor ¡GOOOL! Que soou coma un trono que estoupou no medio da noite e fíxome caer de bruces na arrepiante realidade. Unha realidade que me aterrou por momentos. Odiábaos por facer iso pero deca-teime de que unha muller se dirixía cara a miña mesa, a única na que quedaba un asento baleiro ou ocupado polo aire. A muller estaba toda mollada e levaba un traxe azul similar aos que usaban as matroas romanas.

-Perdoa, ¿está ocupado?

-Non, podes sentar se queres

Era unha muller triste pero fermosa.
 -Camareiro, se fai o favor, tráeme un café só, grazas
 -Un día triste, ¿non?
 -Sí pero a mín a auga faime sentir viva.
 -¿Como ás prantas?
 -Máis ou menos, pero non te rías porque unha vez escoitei unha historia sobre unha xente que está feita de auga. Susténtase dela facéndose máis forte en días coma o de hoxe. É xente que nunca chora, pois as súas bágoas son como anaquiños deles que escapan desfacéndoos por dentro ata case facelos desaparecer. Ás veces penso que son coma eles.
 -¿E son augas tranquilas?

-Son augas azuis e salgadas como as do mar, e como estas son impredecibles
 -É unha fermosa historia; por certo, ¿como te chamas?
 -Mariña
 O meu sorriso de dúbida contaxiouse
 -De verdade, ¿e tí?
 -Miguelanxo, algo menos poético.
 E así falamos e falamos e olvidéime da soidade, do tempo, da vida, de todo. O bar pechou e saímos para fóra onde xa parara de chover. Estaba algo pálida e parecía cansada. Convideina ao meu piso e aceptou. Ao chegar alí eu ofrecínlle unha infusión. Ela pedíume ir ao baño e a resposta foi evidente.

Eu estaba a poñer a auga a ferver nun cazo cando un chapoteo inundou os meus oídos. Apresureime en ir ver se lle acontecera algo a Mariña, abrí a porta do baño e... alí non había nada máis que un vestido azul enchoupado ó lado da pileta. Non reaccionei. Fun para o cuarto e metínme na cama. Durmín e a mañá seguinte foi unha desas mañás en que un sol radiactivo abrásache as pupilas. Doíame a cabeza e estaba confuso.
 Dende ese día non choro e levo xa tempo intentando averiguar se aquilo foi un soño ou non.
 Pero dáme igual, o único que me pregunto é...

¿ONDE CHOVERÁS AGORA?

COLABORACIÓNS DE COMPAÑEIROS

HISTORIA DE MEDO

Estaba de campamento e propúxenlle ás miñas amigas reunirmos nunha tenda e contar historias de medo. Puxémos os pixamas e comenzamos a contalas. Ao pouco tempo decidimos que era hora de durmir. A miña amiga e mais eu metémonos na mesma cama porque tiñamos medo. Non podíamos durmir, a miña amiga levantouse para ir ao baño e tardou bastante en voltar. Alguén debeu deixar a billa aberta porque escoitábase caer auga ao chan. Levanteime coa idea de pechar a billa. Entrei no baño, abrí a porta da ducha e descubrí a miña amiga colgada da ducha. ¿O que pingaba era o seu sangue esvarando do pescozo ao chan! Entón, ¿quen era a que estaba metida na cama comigo?

CHISTES

¿Que lle di unha chancleta a outra?
 ¡Que vida tan arrastrada levamos!

Unha profesora dille a un alumno: -Dime dous pronomes
 -¿Quen, eu?
 -Moi ben, aprobado

Era un home tan baixiño, tan baixiño, que ía todos os días á fronteira para que a policía lle dixera "¡Alto!"

-Querida, cando morra, ¿chorarasme?
 -Claro, queridiño, xa sabes que eu choro por calquera cousa.

Un neno vai coa súa avoa de paseo. O neno encontra un caramelo na beirarrúa, agáchase e cólleo. A avoa dille.
 -As cousas do chan non se collen!
 Un pouco máis adiante a avoa esvara e cae e dille ao neto:
 -¡Axúdame, axúdame, axúdame!
 O neno, moi serio, contesta
 -¡As cousas do chan non se collen!

Alumnos de 1º de ESO



O Mestre da miña aldea

O mestre da miña aldea estaba tolo. Eso era o que dicía él aínda que eu nunca vin home máis cordo

Non lle gustaba ir á misa, pero levaba os seus rapaces ó Seminario. Nunca contaba que tiñan boas notas, él dicía: "Saben moito" Deste xeito tivo no seu haber, por suposto curas, pero tamén graqndes cadeirádegos e cando por necesidade algúns tiveron que emigrar, foron gran-

des homes de negocios.

Nunha das veces que foi á misa, obviamente, oficiaron os seus rapaces, con tal emoción coma se esperasen que o seu mestre se erguera do ataúde e nos dixese a todos que eles "sabían moito"

Moitas grazas mestres, a vostedes que cren nos seus rapaces, que cren que van ter un bó traballo pero sempre si "**saben moito**"

PISTÓN

¿Por qué se enfurecen cando a alguén lle morde un can? Porque eso pasoulle á maior parte dos nenos domeu tempo.

A min mordéume Pistón cando voltaba da escola. Él era o ben amado can dunha xente da miña aldea. A casa deles tiña o cuarto a ras da eira e él mordíume cando baixaba as escaleira correndo.

Mordíalle ó último se non entrabamos na cociña a ver á xente da casa.

Pistón morreu de vello cando eu xa non era unha nena. A súa morte non ocorreu na súa casa senon no pallal de outros da aldea. Talvez tiña medo de encher de tristura ós seus a quen tanto quixera. Cando se enteraron foron a buscalo e descansou para sempre na súa eira.



△ DOLESCENCIA



Raúl Fajó Lomo



Raúl Fajó Lomo

¡Novas Progr-ri
Escolares!



Raúl Fajó Lomo



falar con lúa

Nunha noite estrelada
chea de esplendor
había unha lúa radiante
dentro do meu corazón

Conteille as miñas penas
inquietanzas e dor
faleille dos meus amores
E do tempo que pasou.

Ollei arredor de min
e pareceume ver
un ceo cheo de estrelas
Para ti que quero ben.

Amores tan ben queridos
como dores que se van
desexos desatendidos
Amantes que fuxirán

Quixera verte de novo
e namorarme de ti
máis os amores pasados
non se deben repetir.

Amores que leva o vento
atardeceres que perdín
sentindo os teus desexos
que xamais comprendín

Dime lúa querida
que pasa no corazón
dos amantes que se olvidan
do amor que se esgotou.

2º C-B

O mes das LETRAS GALEGAS

Xesús Lorenzo Varela Vázquez

A SÚA VIDA

Xesús Lorenzo Varela Vázquez, fillo de emigrantes orixinarios de Lugo, naceu nun barco que entraba no porto da Habana un 10 de agosto de 1916.

Ó pouco é traído a Lugo e participa xunto con Ramón Piñeiro na fundación da Federación de Mocidades Galeguistas, organización xuvenil vinculada ao Partido Galeguista. En 1934 marcha a Madrid a estudar Filosofía e Letras, contactando con outros escritores galegos, como Rafael Dieste e Otero Espasandín. Participa nas Misións Pedagóxicas, un proxecto de dinamización cultural dentro das reformas educativas da II República: créase un teatro de guiñol, fanse audicións musicais, proxeccións cinematográficas, exposicións,... Este labor interrómtese en 1936 polo comezo da guerra.

Durante a Guerra Civil Durante a Guerra Civil realiza unha intensa actividade cultural ao servizo da causa republicana, destacando a súa colaboración coas revistas republicanas *Hora de España* e *El Mono Azul*. Participa nos volumes colectivos *Poetas en la España leal* (Valencia, 1937) e *Homenaje de despedida a las Brigadas Internacionales* (1938), con Antonio Machado, Rafael Alberti, Luis Cernuda e Pablo Neruda, entre outros.

Perdida a guerra, marcha a México, fundando e codirixindo a revista *Romance*. Tamén colabora coa revista *Taller*. Publica o libro *Elegías españolas* (1940) con deseños do pintor Miguel Prieto, morto no exilio.

En 1941 instálase en Bos Aires, entrando en contacto co círculo de exiliados galegos: Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Rafael Dieste. Publica *Torres de Amor* (1942) con ilustracións de Seoane.



Cofunda a revista literaria *De mar a mar* e posteriormente xunto con Arturo Cuadrado e Luís Seoane crea e dirixe a revista quincenal *Correo Literario*, na que saca á luz sete poemas en castelán e moitos artigos sobre temas artísticos.

O seu primeiro libro en galego é **Catro poemas pra catro gravados** (1944). Estes poemas acompañaban as xilografías de Seoane no álbum *María Pita e tres retratos medievais*. Este libro será reeditado en 1951, acrescentado coa partitura musical do madrileño Julian Bautista e cunha tradución ao inglés de William Shand.

Posteriormente, en 1954, publica **Lonxe**, segundo libro de poemas en galego. Realiza unha abundosa actividade como xornalista: críticas de arte, colaboracións en prensa e radio, edita poemas en castelán para carpetas de Seoane, monografía, ensaios, ...


Volta a Galiza no ano 1977 e afínase en Madrid, onde morre en 1978. Os seus restos foron trasladados a Monterroso en 1981.

Volta a Galiza no ano 1977 e afínase en Madrid, onde morre en 1978. Os seus restos foron trasladados a Monterroso en 1981.

A LITERATURA GALEGA NO EXILIO

Co trunfo en 1939 do levantamento militar contra o goberno da República várrese un proceso de recuperación da nosa identidade iniciado anos atrás. Fusiladas importantes figuras do galeguismo (Alexandre Bóveda, Ánxel Casal,...), clausurada a editorial Nós e o Seminario de Estudos Galegos impediuse o desenvolvemento da nosa cultura.

A maioría dos combatentes e intelectuais republicanos (entre eles Lorenzo Varela) marchan a América. Na Arxentina, o galeguismo no exilio ten como principal figura a Castelao, manténdose unha intensa actividade



política e, sobre todo, cultural. México é outro grande foco do exilio galego, destacando o labor de Luís Soto. Un grupo de exiliados menos numeroso, formado principalmente por profesores universitarios, instálase en EEUU.

Os exiliados, xunto cos emigrados anteriormente, levaron a cabo un importante labor de preservación da nosa cultura, que non se podía desenvolver en Galiza.

Reedítanse os grandes escritores (Rosalía, Curros,... antoloxías medievais, literatura popular), tradúcese do francés e inglés, créanse editoriais, coleccións literarias e revistas, fúndanse compañías de teatro galego, etc.

Entre os personaxes máis sobranceiros no exilio podemos citar os seguintes:

Castelao.

Político, escritor, pintor e debuxante realiza unha intensa actividade cultural. Estrea a peza teatral *Os vellos non deben namorarse*, publica *Sempre en Galiza*, obra transcendental no pensamento político galego, e un estudo sobre a arte dos cruceiros, *As cruces de pedra na Galiza*.

Luís Seoane.

Fillo de emigrantes galegos, naceu en Bos Aires. Debuxante e poeta, destacan as súas obras *Fardel de eisilado*, *Na brétema*, *Sant-Iago* e *As cicatrices*.

Eduardo Blanco-Amor.

Renovador da narrativa e literatura dramática publica en 1959 a súa novela *A Esmorga*. Escribe e representa *Farsas para títeres*. En poesía tiña publicado *Poema en catro tempos* e *Cancioneiro*.

Xosé Neira Vilas.

Publica en 1961 *Memorias dun neno labrego*.

Rafael Dieste.

Músico e xornalista revisa e reedita *A fiestra valdeira*, publicado por vez primeira con oito contos ós que foi engadíndolle pezas ata chegar ás 20.


A POESÍA DE LORENZO VARELA

Varela forma parte da chamada Xeración do 36 da que forman parte, entre outros, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Fe-

rreiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé MaDíaz Castro, Luís Seoane, Xosé María Castroviejo, Xosé María Álvarez Blazquez, etc. É a primeira xeración da posguerra, a dos universitarios da República que sofren a guerra cando comezan as súas actividades literarias e políticas.

Lorenzo Varela é un símbolo das esquerdas, un dos emblemas da Galiza emigrada, sendo decisivo para o desenvolvemento da súa obra en galego o encontro cun grupo de intelectuais que asumiran a misión de preservaren a cultura en lingua galega.

Por outro lado, o galego de Lorenzo Varela é un idioma culto, e ao mesmo tempo de gusto popular. É de destacar a evolución do seu modelo de lingua segundo o paso do tempo e o progreso seguido polo noso idioma, cousa que non sempre acontece entre os escritores do exilio.



Lorenzo Varela
debuxado por Seoane

TORRES DE AMOR

Libro de poemas en castelán que tivo problemas para a súa saída porque a editorial se negou a publicalo debido ás ideas comunistas do autor. A temática está centrada nas vivencias da Guerra Civil e na ausencia e saudade provocadas polo afastamento da Terra

CATRO POEMAS PRA CATRO GRAVADOS

O autor desenvolve unha temática histórica, combinando elementos míticos cos propiamente históricos, estando os protagonistas dotados de fortes valores positivos

En *María Pita* enxalza á heroína na defensa da cidade de A Coruña contra o ataque da flota do navegante inglés Francis Drake, en 1589. A súa valentía obrigou ós invasores a rembarcar. María das Batallas é elevada a símbolo do combate pola liberdade.

En *María Balteira* loa a esta famosa e bela soldadeira galega do século XIII, moi cantada polos trobadores nos Cancioneiros medievais nas súas cantigas, e simboliza para Lorenzo a loita contra a represión.

O poema *Rui Xordo* rememora a este fidalgo galego que en 1431 encabezou a revolta antiseñorial contra Nuno Freire de Andrade, formando a chamada Irmandade. É a primeira Revolta Irmandiña. Foron derrotados no campo de batalla, pero 30 anos despois renacerá con máis forza o movemento irmandiño.

No cuarto poema, *O Touro*, descríbese *un xuízo de Deus*: o bispo Adaulfo debía demostrar a súa inocencia publicamente expoñéndose á furia dun touro, que se achegou mainamente a Adaulfo ata pór os cornos nas mans do bispo.



XILOGRAFÍAS DE LUÍS SEOANE



MARÍA PITA



MARÍA BALTEIRA



RUI XORDO



O TOURO



LONXE


É o grande libro da poesía galega no exilio e nel aparecen dúas liñas temáticas. Unha que ten como núcleo a ausencia da Terra, o Exilio e a emigración: a emigración como humillación e como penuria económica, o emigrado está inzado de saudade, pero é consciente da súa explotación como traballador.

Outra liña temática é a de enalzamento dos heroes, dos guerrilleiros galegos dos anos 40, xunto con sentimentos de dor pola ausencia dos amigos mortos no campo de batalla ou a represión. Así, canta a Manuel Ponte, xefe da IV Agrupación de Guerrilleiros de Galiza, morto nun enfrontamento en 1947 e canta a Manuela Sánchez, muller morta por defender ós guerrilleiros. En "Compañeiros da miña xeneración mortos ou asesina-dos" lembra con dor e saudade ós amigos mortos na guerra ou durante a represión.



GRAVADOS DE LUÍS SEOANE PARA LONXE

Pasatempos



BANDA DE MÚSICA ATENEO DE NEGREIRA



HISTORIA:

No ano 1998 Vicente Martín Arastey fundou a banda musical Ateneo. Daquela contaba acon 30 músicos pero co tempo o número de compoñentes aumentou ata seren máis de 40 instrumentistas cos que conta na actualidade.

Dende o seu inicio a banda actuou un sin-fin de veces. Quizais os concertos máis destacados foron os que realizou diante do Presidente da Xunta de Galicia, o de Candeán en Vigo, nas Pontes de García Rodríguez, en Liria (Valencia) ou a gravación que fixo para un programa da TVG. "Galicia enteira"

Na actualidade está dirixida por Simón Couceiro que pertence á Banda Municipal de Santiago na que toca o clarinete.

UN DÍA DE ENSAIO:

Os venres, un pouco antes das 8,30 da tarde, os compoñentes da banda de música "Ateneo" xúntanse nun local situado na rúa Castelao que é coñecido co sobrenome de "instituto vello"

As dúas horas seguintes, estes xoves músicos ensaiarán, entre bromas e risos, as obras que posteriormente van tocar nos concertos.

O CONCERTO:

Se por algo se caracteriza un concerto é porque nunca resulta igual ca outro. Cada actuación sempre é diferente. Aínda que isto é así existen moitas cousas que se fan de forma rutinaria. Os compoñentes da banda reúnen no local anteriormente citado para preparalo todo.

Antes de actuar os nervios sempre están presentes. A posibilidade de cometer erros cando estás tocando diante de tanta xente e de quedar en vergoña, ademais de prexudicar os teus compañeiros fai que sexa un momento de moita tensión.

Despois de cada peza chegan os aplausos e os músicos senten dese xeito a recompensa aos seus esforzos; isto dálles azos para seguir traballando.ç

O FESTIVAL DE BANDAS EN NEGREIRA:

O 19 de setembro do 2004, celebrouse o II Festival de Bandas de Música en Negreira. Neste encontro musical participaron as bandas de Agolada, Arca, e por suposto a a banda Ateneo de Negreira.

Todas as cadeiras que había baixo unha gran carpa branca estaban aocupadas e moitos espectadores tiveron que permanecer de pé.

Un gran número de persoas acudiron a Negreira para presenciar o encontro musical. A verdade é que esta iniciativa cultural tivo moito éxito. Dende aquí animamos á xente a que veña ao festival nos vindeiros anos pois realmente paga a pena.